

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E ASESORLEX, ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE ASESORES DE PYMES PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Tributaria de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Tributaria de Galicia formalizou coa Asociación Profesional de Asesorías de PYMES (ASESORLEX) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2016. Prorrogarase de modo automático anualmente salvo que sexa denunciado por calquera das partes con tres meses de antelación á data de finalización.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Ofrecer aos obrigados tributarios a posibilidade de levar a cabo, dende a propia oficina á que voluntariamente encomenden os servizos relativos á tramitación de procedementos de xestión tributaria, os trámites descritos no devandito convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

a colaboración social na xestión tributaria constitúe un instrumento previsto no artigo 92 da Lei Xeral Tributaria e conscientes do servizo ao cidadán que pode supoñer concentrar nunha única xestión todos os trámites relacionados coa

iniciación dos procedementos administrativos de carácter tributario e, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información, é vontade da ATRIGA e da Asociación Profesional De Asesores de Pymes (ASESORLEX) establecer un marco de colaboración apropiado que permita aos asociados, en representación dos contribuíntes que voluntariamente o soliciten, facer e/ou iniciar moitos dos trámites que actualmente están obrigados a realizar ante esta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 18 de setembro de 2017.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

M^a Victoria González Vázquez